



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

NOTIFICACIÓN

Comunicolle que o 25 de novembro de 2022 por decreto de Alcaldía núm. 1316/2022 adoptouse o seguinte acordo:

...

PRIMEIRO. Elevar a definitiva a Resolución provisional ditada con data do 10/11/2022.

SEGUNDO. Comprometer o gasto e aprobar definitivamente a concesión definitiva en réxime de concorrencia competitiva de subvencións dirixidas a entidades para a realización de actividades culturais no ano 2022 ás seguintes entidades e polos seguintes importes:

ENTIDADE	PROGRAMA PARA O QUE SOLICITA A AXUDA	CONTÍA SOLICITADA	PROPOSTA DE SUBVENCIÓN	CONTÍA A XUSTIFICAR
A.DIS.BIS.MUR.	Taller de teatro, musicoterapia e bailoterapia	1500 €	1200 €	1560 €
ASOC. AGROCOVO DE ESTEIRO	Actividades de música e baile tradicional - vestiario	1500 €	1050 €	1155 €
ASOC. CULTURAL O XEITO	Representacións teatrais 2022	740 €	600 €	720 €
ASOCIACIÓN CULTURAL MAR DE MUROS	Conservación e difusión do patrimonio marítimo	1500 €	1400 €	1820 €
A.C.R. PONTEVELLA	Sábados Interxeracionais	1500 €	1200 €	1560 €
AGRUPACIÓN CULTURAL XEITURA	Intercambios musicais e culturais	1500 €	1150 €	1495 €
ASOCIACIÓN de VV. A OSTREIRA	Mantemento anual Galeón	1500 €	1350 €	1687,50 €
CORAL D. DIEGO DE MUROS	Viaxes de Intercambio	1000 €	800 €	1040 €
ASOCIACIÓN FOLCLÓR. XIMIELA	Intercambio cultural Ximiela – Prau Llerón	1500 €	1150 €	1495 €
SOCIEDADE C. MONTE LOURO	Clases de canto Coral	1500 €	1100 €	1430 €

TERCEIRO. Acordar a ampliación do prazo de xustificación segundo o previsto no artigo 70 do Real Decreto 887/2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, ata o 30 de novembro de 2022, debido á demora que sufriu a convocatoria nesta anualidade.

CUARTO. Notificar este acordo ás entidades beneficiarias aos efectos oportunos.

QUINTO. Dar traslado á Intervención, á Tesourería municipal e ao Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre.

SEXTO. Contra este acordo que pon fin á vía administrativa poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición regulado nos artigos 52 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ante a Alcaldía no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercer calquera outra actuación que estime pertinente para a defensa dos seus dereitos.

Mediante este documento notificaselle a vostede, pola súa condición de persoa interesada, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento

CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza 1, Muros 15250 A Coruña 981 826 050



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento, organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, coa excepción do artigo 206.

Muros, na data que figura na marxe

Asinado dixitalmente polo secretario accidental, D. José Manuel Mayo Priegue.

RECURSOS

Contra este acordo que pon fin á vía administrativa poderá interpoñer recurso potestativo de reposición regulado nos artigos 52 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ante a Alcaldía no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercer calquera outra actuación que estime pertinente para a defensa dos seus dereitos.

ASOCIACIÓN CULTURAL MAR DE MUROS